

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0857	Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa	2023/2024	6	187	187
MP0857_12	Elaboración de estruturas en cera e metálicas	2023/2024	6	147	147
MP0857_22	Obtención de estruturas mecanizadas e por galvanoformación	2023/2024	6	40	40

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL NÚÑEZ TORRÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este modulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de deseñar, fabricar e reparar restauracións e estruturas metálicas en próteses fixas e implantosoportadas, segundo prescrición e indicacións facultativas, así como efectuar o reaxuste necesario para o seu acabado realizando as operacións e respectando a normativa de seguridade e protección ambiental, así como as especificacións de calidade

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Interpretación da prescrición facultativa.
- Obtención de modelos .
- Recoñecemento do traballo a realizar.
- Preparación do equipamento, o material e o instrumental para a elaboración do produto.
- Aplicación de técnicas de fabricación do produto prescrito.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplicanse en:

- Laboratorio de Prótese dental
- Industrias dentais ou depósitos dentais.
- Departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na Industria dental

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Individualización dos tocos	Obter tocos individualizados interpretando procedementos de elaboración	32	20
2	Encerado das estruturas	Obter a estrutura en cera, identificando as técnicas de enceramento	50	35
3	Preparación das estruturas para a coada	Obter o negativo da estrutura metálica	20	10
4	Obtención do negativo da estrutura	Obter a restauración ou estrutura modelada, para o que interpreta as técnicas de cera perdida	25	10
5	Obter a estrutura metálica modelada	Obter a estrutura metálica para o que interpreta as técnicas de coada	25	10

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
6	Cupre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental	Descríbense as normas de seguridade e prevención de riscos que se deben cumprir	5	5
7	Obtención de estruturas mecanizadas e de galvanofornación	Non se pode realizar por carecer o centro de medios. Sistema CAD-CAM, SCANNER E FRESADORA. Explicarase teoricamente	30	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Individualización dos tocos	32

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén tocos individualizados, interpretando procedementos de elaboración.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Diferenciáronse os sistemas de individualización de modelos.
CA1.2 Preparouse o material e o instrumental.
CA1.3 Baleirouse a impresión e recortouse o modelo.
CA1.4 Individualizáronse as pezas necesarias.
CA1.5 Aplicouse o separador de escaiola, comprobouse a estabilidade e realizouse o zócolo do modelo con diferentes técnicas.
CA1.6 Diferenciáronse os tipos de talla.
CA1.7 Cortouse o modelo, rebaixouse o troquel ata a marxe da talla e aplicouse a laca espazadora.

Criterios de avaliación
CA1.8 Comprobase que os tocos individualizados reproduzan a posición no modelo.
CA1.9 Montáronse as arcadas no articulador, permitindo o acceso aos tocos desmontables.
CA1.10 Cúmplíronse os criterios de calidade en cada paso do procedemento.

4.1.e) Contidos

Contidos
Xeso. Baleiramento das impresións. Preparación de tocos. Tipos de pins. Tipos de tallas. Técnica de metalizado de tocos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Encerado das estruturas	50

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Obtén a estrutura en cera, identificando as técnicas de enceramento.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionouse o instrumental e as ceras.
CA2.2 Aplicóuselle ao toco e ás pezas de contacto o separador de cera.
CA2.3 Identificáronse as características da estrutura que cumpra confeccionar en metal.
CA2.4 Aplicáronse os procedementos relativos ás técnicas de adición e inmersión.
CA2.5 Modeláronse as pezas dentarias en cera, respectando a forma e o grosor.
CA2.6 Comprobouse o axuste no modelo.
CA2.7 Comprobouse no articulador a relación co antagonista.
CA2.8 Valorouse a orde e a limpeza nas fases do proceso e na presentación do produto.

4.2.e) Contidos

Contidos
Materiais e instrumental utilizados. Características e manipulación das ceras de modelaxe. Principios básicos para a confección dun patrón de cera. Técnicas de modelaxe e de enceramento. Acabamento e puimento da cera. Puntos de contacto.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Preparación das estruturas para a coada	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara as estruturas enceradas para a coada, seleccionando as fases do proceso.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Incorporáronse os bebedoiros de calibre e lonxitude precisos e na súa posición.
CA3.2 Elixíuse o cilindro para as estruturas que cumpra coar.
CA3.3 Preparouse o cilindro, colocando os bebedoiros no formador do crisol e tratando a superficie interna do cilindro.
CA3.4 Realizouse a técnica para eliminar a tensión superficial.
CA3.5 Recoñécéronse os tipos de revestimentos e as súas proporcións, así como os tempos de fraguado.
CA3.6 Realizouse o proceso de inclusión en revestimento.
CA3.7 Calculouse a cantidade de metal necesaria para coar.
CA3.8 Efectuouse todo o proceso en tempo e forma.

4.3.e) Contidos

Contidos
Bebedoiros e respiradoiros.

Contidos
Cilindros.
Revestimentos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Obtención do negativo da estrutura	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Obtén o negativo da estrutura, identificando a técnica da cera perdida.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Programáronse os fornos de prequentamento.
CA4.2 Programouse o depurador de fumes.
CA4.3 Recoñecéronse as fases e os tempos do quentamento.
CA4.4 Preparouse o cilindro e colocouse no forno.
CA4.5 Controlouse o tempo do cilindro no forno segundo o tamaño.
CA4.6 Aplicouse o protocolo de colocación de equipamentos.
CA4.7 Comprobouse a integridade do cilindro.
CA4.8 Utilizáronse as luvas ignífugas e os lentes de protección.

Criterios de avaliación

CA4.9 Realizáronse os procedementos con orde e método.

4.4.e) Contidos
Contidos

Expansión térmica.

Pautas de prequentamento.

Tipos de fornos.

Técnica da cera perdida.

Colocación dos cilindros.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Obter a estrutura metálica modelada	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Obtén a restauración ou estrutura metálica modelada, para o que interpreta as técnicas de coada.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA5.1 Recoñécéronse os tipos de maquinas de fusión e de coada.

Criterios de avaliación
CA5.2 Recoñecéronse os metais utilizados e as súas temperaturas de fusión.
CA5.3 Retírouse o cilindro do forno e colocouse na máquina utilizada.
CA5.4 Diferenciáronse os tipos de crisol e colocouse a cantidade de metal calculada.
CA5.5 Realizouse a técnica de coada seguindo pautas de temperatura de fusión e tempo.
CA5.6 Recuperouse a estrutura eliminando o revestimento, areando e recortando bebedoiros.
CA5.7 Realizouse o repaso, o puimento e o abrillantamento.
CA5.8 Verificouse o calibre e o axuste da estrutura.
CA5.9 Utilizáronse os equipamentos de protección individual necesarios nas fases do proceso.

4.5.e) Contidos

Contidos
Equipamento para coada.
Tipos e composición das aliaxes.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Cumprir as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental	5

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Cumprir as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os evitar.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.
CA6.2 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.
CA6.3 Identifícaronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo.
CA6.4 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA6.5 Clasifícaronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA6.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Identificación de riscos.
Prevenición e protección colectiva.
Normativa reguladora da xestión de residuos.
Clasificación e almacenamento de residuos.
Tratamento e recollida de residuos.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
Cumprimento da normativa de protección ambiental.
Métodos e normas de orde e limpeza.
Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.
Xestión ambiental.

Contidos
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais. Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental Factores e situacións de risco. Factores físicos da área de traballo. Factores químicos da área de traballo. Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos. Seguridade no taller de próteses. Medios e equipamentos de protección individual.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Obtención de estruturas mecanizadas e de galvanofормación	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén a estrutura mecanizada, utilizando programas de deseño asistido por computador (CAD/CAM) e sistemas de mecanizado manual.	SI
RA2 - Obtén estruturas metálicas, interpretando os sistemas de galvanofормación.	SI
RA3 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Diferenciouse o proceso de mecanizado da estrutura.
CA1.2 Acondiciónáronse as pezas piares, aliviando as zonas retentivas.

Criterios de avaliación
CA1.3 Escanouse o modelo e deseñouse a estrutura por computador.
CA1.4 Procesáronse os datos e transmitíronse á máquina fresadora.
CA1.5 Seleccionáronse os bloques de material para a fresaxe.
CA1.6 Realizouse a fresaxe manual na copiadora-fresadora.
CA1.7 Sinterizouse o produto.
CA1.8 Comprobouse o axuste das restauracións sobre o modelo mestre.
CA1.9 Realizáronse e arquiváronse copias de seguridade dos programas de deseño asistido por computador.
CA2.1 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes do sistema de galvanoformación.
CA2.2 Describiuse o proceso electrolítico.
CA2.3 Definíronse as características dos metais para esta técnica.
CA2.4 Duplicouse o toco para a electrólise.
CA2.5 Aplicouse a laca de prata para o proceso electrolítico.
CA2.6 Verificouse o grosor obtido.
CA2.7 Valorouse a organización e a xestión na realización das tarefas do proceso produtivo.
CA3.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, instrumental e aparellos do taller.
CA3.2 Descríbironse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que cumpra adoptar na execución de operacións na área de prótese dental.
CA3.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, instrumental e equipamentos de traballo empregados.
CA3.4 Valoráronse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

Criterios de avaliación
CA3.5 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA3.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

4.7.e) Contidos

Contidos
Características das aplicacións dos sistemas CAD/CAM. Equipamentos e medios para a mecanización por computador. Sistemas e maquinas de fresaxe. Sinterización. Materiais utilizados para realizar estruturas mecanizadas. Aplicacións da técnica de galvanoformación. Técnica de electrodeposición. Identificación de riscos. Prevenición e protección colectiva. Normativa reguladora da xestión de residuos. Clasificación e almacenamento de residuos. Tratamento e recollida de residuos. Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Cumprimento da normativa de protección ambiental. Métodos e normas de orde e limpeza. Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.

Contidos
<p>Xestión ambiental.</p> <p>Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Normativa de prevención de riscos laborais en prótese dental</p> <p>Factores e situacións de risco.</p> <p>Factores físicos da área de traballo.</p> <p>Factores químicos da área de traballo.</p> <p>Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos.</p> <p>Seguridade no taller de próteses.</p> <p>Medios e equipamentos de protección individual.</p>

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos e a dinámica deste módulo necesitan unha constante supervisión por parte do profesor, o que facilita a avaliación continua. E farase ao longo do proceso educativo, proporcionando unha continua retroalimentación sobre o desenvolvemento do traballo que permitirá a revisión e as modificacións oportunas do mesmo.

As avaliacións durante o curso e a final faranse tendo en conta varios parámetros: traballos feitos na clase, rendemento nas probas, participación e implicación na clase.

O número máximo de faltas admitido para ter dereito á avaliación continua será do 10% das hoas do módulo máis un 5% das faltas xustificadas .

Por ser materia principalmente práctica, a valoración principal será para os traballos realizados na aula, o que garante que se acaden as destrezas que implican as capacidades terminais e a unidade de competencia do módulo. Tamén exames teóricos, que serán de preguntas tipo test sobre os contidos das unidades.

Minimos exsixibles para obter unha avaliación positiva.

Recoñecer a terminoloxía básica das próteses.

Recoñecer a utilidade da prótese fixa.

Explicar os distintos tipos de próteses fixas.

Recoñecer e explicar a distribución e nome das distintas pezas dentarias, así como as súas caras.

As falsas enxivas copian exactamente a anatomía da impresión.

Os tocos individualizados producidos respectan as marxes orixinais da preparación

Os tocos individualizados fabricados reproducen a súa posición espacial e dimensional no modelo de traballo

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Terase en conta un tipo de avaliación continua, formativa e personalizada, que englobe os tres ámbitos do alumno, para o que valoraremos:

Conceptuais: Exames teóricos 20%

No caso de facer máis dun exame farase a media aritmética ou ponderada, segundo a importancia e/ou extensión da materia incluída en cada un deles, pero sempre que a nota de ditos exames sexa igual ou sup a 5.

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á dos contidos actitudinais e procedementais, ha de ser como mínimo dun 5.

Recuperacións Terán a mesma porcentaxe sobre a nota final.

Procedementais:

Exames prácticos 80%

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á dos contidos conceptuais, ha de ser como mínimo dun 5.

As prácticas explicaranse o día que se indique na clase. Posteriormente, se o alumno/a non veu o día indicado non se volverán a explicar na clase, salvo resolver dúbidas.

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á dos contidos conceptuais, ha de ser como mínimo dun 5.

Neste apartado terase en conta aparte da calidade e cantidade do traballo práctico, o uso do material, a limpeza do posto de traballo, e o compromiso de ter recollida e limpa a aula.

Cun prazo mínimo de 15 días antes da data de avaliación indicárase a cantidade mínima de traballos a realizar para aprobar.

Todos os traballos se farán na aula. Non serán recoñecidos como tales os que o alumno fixera fóra da aula.

A calidade do traballo valorárase cun 80% deste apartado, mentres que a cantidade valerá un 20%, sempre tendo en conta que o alumno/a ten realizado o mínimo de traballos esixibles para cada avaliación.

Os traballos finais serán feitos na súa integridade polos alumnos, e presentaranos para a súa valoración na data sinalada.

Cálculo da nota final:

A nota final será a resultante da media aritmética das obtidas nas avaliacións.

Dado que nos ciclos non poden poñerse notas con decimais, cando os resultados sexan superiores ou iguais a 0,5 aproxímarase ó número seguinte, por exemplo 7,5=8. Cando sexa inferior a 0,5, aproxímarase ó número anterior, por exemplo 7,4=7. Isto farase en cada avaliación e na nota final.

Poderá subirse a nota, ata o máximo de un punto, a aqueles alumnos/as que destaquen polo seu talento e polas súas habilidades.

Todos os datos resultantes da avaliación rexistraranse no caderno do profesor, a modo de fichas individuais de seguimento, anotando os progresos realizados en cada ámbito.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa do alumno.

Control e rexistro dos progresos académicos.

Revisión dos seus traballos anotando as fases feitas, e puntuándoos ao final de cada un.

Entrevistas individuais para obter información sobre aspectos concretos.

Exames teóricos e prácticos.

Os exames teóricos ensínanse aos alumnos corrixidos e cualificados e quedarán arquivados en poder do profesor.

Os traballos prácticos deberán de entregarse nas datas fixadas, serán devolvidos coas correccións oportunas e na súa valoración ademais do resultado terase en conta a contribución persoal ao mesmo ao longo do

curso.

Ao final de curso todos os traballos realizados correspondentes a exames prácticos quedarán en poder do profesor.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aos alumnos que non superaran algunha proba teórica/práctica faráselles un exame de recuperación por avaliación. Tamén se lles fará un exame final, en xuño, coas avaliacións suspensas. A parte teórica terana que estudar pola súa conta, podendo preguntar dúbidas en calquera momento.

Se non superaron algún traballo ou actividade deberanas repetir ata que estean correctas.

As actividades de recuperación realizaranse nos periodos legais.

Segundo o artigo 31 da Orde do 12 de xullo do 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15 xullo 2011), para o alumnado de 2º curso do réxime ordinario pto.. 4., alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos con perda de dereito a avaliación continua teran que facer unha proba extraordinaria ó final da terceira avaliación dividido en dúas partes:

Proba teórica 40%

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á nota da proba practica, ha de ser como mínimo dun 4,5.

Proba práctica 60%

Para que o alumno poida alcanzar o aprobado, é dicir, para que a nota deste apartado poida sumarse á nota da proba teorica, ha de ser como mínimo dun 4,5.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA VALORACIÓN POSITIVA

Recoñecer a terminoloxía básica das próteses.

Recoñecer a utilidade da prótese.

Explicar os distintos tipos de próteses.

Recoñecer e explicar a distribución e nome das distintas pezas dentarias, así como as súas caras.

As falsas enxivas copian exactamente a anatomía da impresión.

Os tocos individualizados producidos respectan as marxes orixinais da preparación

Os tocos individualizados fabricados reproducen a súa posición espacial e dimensional no modelo de traballo.

Os contidos específicos do modulo.

A primeira parte da proba consiste nun exame teorico-escrito, que permita os alumnos elaboralas súas respostas de acordo cos seus coñecementos, podendo comprobar directamente a calidade, profundidade e dominio termolóxico.

O exame teorico-escrito consistira nun conxunto de ítems de enunciado breve ós que lle sigue unha ou máis respostas presentadas a modo de alternativas. Nalgúns casos debe responderse cunha frase curta, unha palabra, unha cifra, etc. Polo tanto, realizarase en forma de probas obxetivas cuíñas preguntas serán:

-De evocación:

Resposta breve

Complementación

Texto incompleto

Graficas

-De discriminación:

Dúas opcións

Opcións múltiples

Xustificación da opción

-De recoñecemento:

Selección múltiple

Elección da mellor resposta

-De identificación:

Ordenación

Localización

-De probas múltiples.

A segunda parte da proba consiste nun exame practico cuxo contido poderá consistir en:

-Probas practicas:

Exercicios prácticos partindo dunha situación real a fin de solucionar situacións aplicando os contidos do modulo.

-Cumprimentar fichas técnicas ou documentos relacionados cos contidos do modulo.

-Valoraranse a destreza no uso do material e maquinaria, maila limpeza no posto de traballo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será continuo e será documentada por cada docente no modelo Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente nas que se presentará o devandito documento.

No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional

correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritibles do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado trala detección das dificultades do alumno/a; podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo.

Entre eses criterios, resaltamos:

- ¿Favorecer ao acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- ¿Indicar os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben de acadar.
- ¿Propoñer actividades alternativas con distinto grao de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o/a alumno/a.
- ¿Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, os traballos das actividades propostas e a axuda que poidan brindar outros compañeiros/as.
- ¿Buscar materiais alternativos acordos coas necesidades do alumno/a.
- ¿Realizar unha colocación máis favorecedora para o alumno/a para o seguimento das dinámicas da clase.
- ¿Aportar instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.

Flexibilizar, na medida do posible, os tempos necesarios para a realización das probas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Favorecer a colaborativas igualdade entre homes e mulleres, así como a integración de alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e, non só transmisivas. Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visitas a feiras dentales (Madrid, Oporto).
Demostracións de novas tecnoloxias aplicadas á Protese dental.
Colaboracións con o "Colexio de Protésicos Dentais de Galicia"
Colaboracións con empresas do sector

10. Outros apartados

10.1) empresa

Atividades con empresas puntelras no ramo da prótese fixa